

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 30 DE ABRIL DE 2007**

#### **ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Arias Moreira, José Carlos  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figueroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia  
Guerra Fernández, Javier Jorge

Losada Álvarez, Abel  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Viéitez Alonso, Henrique

#### **NON ASISTEN:**

Alonso Vázquez, Xulio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Graña Barcia, María Luisa  
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e vinte minutos do día trinta de abril do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión

EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Álvarez, Comesaña Abalde, Graña Barcia e Iglesias Carrera. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

ÚNICO.(36) SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS LOCAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e vinte minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais, convocadas por RD número 444/2007, do 2 de abril, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 80, do 3 de abril de 2007.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral e seguidamente o ordenador fará automaticamente a continuación do número que saia, segundo a titulación e a idade requirida, os compoñentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

1º VOCAL	569
2º VOCAL	777
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	888
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	69
1º VOCAL 1º SUPLENTE	8
1º VOCAL 2º SUPLENTE	423
2º VOCAL 1º SUPLENTE	14
2º VOCAL 2º SUPLENTE	113

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introduzan no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procede a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

(Están ausentes os Sres. Alonso Alvarez, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Graña Barcia)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e vintecinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada

coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007. Consta de 2 folios da serie A numerados do 1593519 ó 1593520, e números do 216 ao 217. Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 13 de xuño de 2007.

Vigo, a 13 de xuño de 2007

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda